

NORMAS EDITORIAIS

1. PARATEXTOS

1.1. Portada

Título

Autor/es

SERVIZO DE PUBLICACIÓNS
UNIVERSIDADE DA CORUÑA

1.2 Capa inicial

Breve recensión do contido, datos sobre o/a autor/a

1.3 Páxina 3

Título: minúscula
Autor/es: minúscula

Lugar de edición
Ano (numeración arábica)

Servizo de Publicacións
Universidade da Coruña

1.4. Páxina 4

(Ficha de catalogación)

(Título completo) (Autor/a) A Coruña Universidade da Coruña, Servizo de Publicacións. (Ano) (Número de páxinas) 17 x 24 cm. (Colección ou serie) (N.º) (Bibliografía, pp.) (Índice: pp.) (Depósito legal) (ISBN)

Edición

Universidade da Coruña, Servizo de Publicacións
<http://www.udc.es/publicaciones>
© Universidade da Coruña

Distribución

Galicia: CONSORCIO EDITORIAL GALEGO. Estrada da Estación 70-A, 36818, A Portela. Redondela (Pontevedra). Tel. 986 405 051. Fax: 986 404 935. correo electrónico: pedimentos@coegal.com

España: BREOGÁN. R/ Lanuza, 11. 28022, Madrid. Tel. 91 725 90 72. Fax: 91 713 06 31
Correo electrónico: webmaster@breogan.org. Web: <http://www.breogan.org>

Deseño de portada (con identificación da ilustración se procedese)
Maquetación
Imprime

Reservados todos os dereitos. Nin a totalidade nin parte deste libro pode reproducirse ou transmitirse por ningún procedemento electrónico ou mecánico, incluíndo fotocopia, gravación magnética ou calquera almacenamento de información e sistema de recuperación, sen ou permiso previo e por escrito das persoas titulares do copyright.

1.5. Capa final: últimos títulos publicados da colección (5). Volumes en preparación (3)

1.6. Contraportada: código de barras, nome da colección (monografías, manuais, actas de congresos) e número desta. Logotipo da Universidade, seguido da rúbrica: Universidade da Coruña. Se é o caso, nome e logotipo das entidades coeditoras.

1.7. Lombo: n.º da colección (arriba) Título (centrado) logotipo da Universidade (abaixo)

1.8. Cabeceiras de páxina: en libros colectivos: nome e apelidos de cada autor en páxinas pares; título do capítulo (de ser o caso, abreviado) en impares. En monografías dun autor: título do libro (de ser o caso, abreviado) en páxinas pares, título do capítulo (de ser o caso, abreviado) en impares. Sempre centradas. Sempre en versais. Sempre sen subliñar e sen grosa.

1.9. Números de páxinas: Sempre na marxe superior, á esquerda nas páxinas pares e á dereita nas impares. Numeración arábica.

2) ÍNDICE XERAL: preferiblemente ao inicio do volume

3) NOTAS A PÉ DE PÁXINA: tipo 10, numeración correlativa. Chamada sempre despois do signo de puntuación.

4) SANGRÍAS DE PARÁGRAFO: úsese sempre a opción específica do procesador ou a tecla de tabulación; evítase o uso da barra espazadora.

5) GRÁFICOS E TÁBOAS: sempre en cor, en arquivo á parte (o Servizo de Publicacións resérvase o dereito de substituír no proceso de maquetación as cores por escalas de grises ou tramas). As táboas sempre con celas.

6) REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

6.1. Para o apartado de bibliografía

Recoméndase que ao final do volume apareza un apartado de bibliografía en que se recollan, polo menos, todas as referencias citadas ao longo do traballo, con sangría francesa e de acordo co seguinte sistema:

6.1.1. Para libros:

Apellido(s), (en versais), Nome (inicial ou completo, en redonda) Ano (entre paréntese) Título (cursiva). Lugar de edición (redonda). Editorial (redonda).

Exemplo:

LANDRON, Benedicte (1994) *Chrétiens et musulmans en Iraq. Attitudes nestoriennes vis à vis de l'islam*. Paris, Cariscript

Ou ben

LANDRON, B. (1994) *Chrétiens et musulmans en Iraq. Attitudes nestoriennes vis à vis de l'islam*. Paris, Cariscript

No caso de que o libro citado sexa unha tradución, recoméndase facer referencia ao título orixinal e ao ano de edición, así como ao nome e apelidos do tradutor.

Exemplo

LE GOFF, Jacques (2003) *Naceu Europa na Idade Media?* Madrid, Crítica. Título orixinal: *L'Europe est-elle née au Moyen Âge?* Paris, Éditions du Seuil, 2003, trad. de M.^a José Furió Sancho.

6.1.2. Para capítulos de libro:

Apelido(s) do/a autor/a (en versais), nome do/a autor/a (inicial ou completo, en redonda), ano (entre paréntese), título do capítulo (redonda, entre comiñas), en apelido(s) do/a editor/a (minúscula redonda) inicial do editor, título do libro (minúscula cursiva). Lugar (minúscula redonda) editorial (minúscula redonda), núm. de páxina(s) (numeración arábica)

Exemplo

GRIFFITH, Sidney H. (1994) "Faith and Reason in Christian Kalam: Theodore Abu Qurrah on discerning the true Religion" en Samir, Kh. S. - Nielsen, J. S. *Christian Arabic Apologetics during the Abbasid Period (750-1258)*. Leiden-New York-Köln, E. J. Brill, 1-43.

6.1.3. Para artigos de revistas:

Apelido(s) (versais), nome (inicial ou completo, en redonda), ano (entre paréntese), título do artigo (redonda, entre comiñas), título da revista (cursiva minúscula), n.º da revista (numeración romana), núm. de páxina(s) (numeración arábica)

Exemplo

GRIFFITH, Sidney H. (1995) "Muhammad and the Monk Bahira: Reflections on a Syriac and Arabic Text from Early Abbasid Times" *Oriens Christianus* LXXIX, 146-174.

6.2. Para as notas ao pé

As referencias bibliográficas nas notas a pé de páxina axustaranse a un destes dous sistemas:

Apelido(s) (versais): ano de edición: n.º de páxinas (entre paréntese)

Apelido(s) (versais), nome (inicial, en maiúscula redonda), título do libro abreviado (en cursiva), n.º de páxinas

LANDRON (1994: 65-67)

LANDRON, B. *Attitudes nestoriennes*, 65-67

7. EPÍGRAFES

Nivel 1: maiúsculas, tipo n. En caso de numeración, utilizarase a romana (en versais), Nivel 2: redonda minúscula, tipo n-2. En caso de numeración, utilizarase a arábica

Niveis 3 e sucesivos: redonda minúscula, tipo n-2. Con numeración de dous ou máis díxitos: 1.1 // 1.1.1, etc.

Nivel inmediatamente anterior ao texto: versais, tipo n-2 (sen numeración) Con carácter xeral, non se usarán negras para destacar epígrafes

Exemplos

I INTRODUCCIÓN

2 A redacción contaminada

2.1 Os testemuños indirectos

2.1.1 O códice de Azagra

ASPECTOS DIPLOMÁTICOS